

Creamos en Monforte

Pilar López
Martínez



PROGRAMA ELECTORAL MUNICIPAIS 2015 BNG

Documento creado a partir da información recollida o día **13 de maio de 2015** dende a páxina web <http://construindomonforte.gal>

CREAR EMPREGO, DIMINUÍR A DESIGUALDADE

CREAMOS EN MONFORTE... XUNTAS, FAREMOS MÁIS

Na última década Monforte experimentou unha transformación global, seguindo un modelo de cidade en que destaca a calidade urbana, a autoestima colectiva e o dinamismo económico.

A maioría da cidadanía estamos satisfeitos de vivir en Monforte, e debemos esforzarnos para mellorar e, deste modo, poder seguir sentindo o orgullo de vivir nunha cidade pensada para as persoas, coa certeza de que esta é a nosa cidade.

Hai que seguir avanzando coa axuda de ter aprendido algunhas leccións do camiño andado.

Vimos servir a Monforte a través do Concello, mudando aquilo que sexa preciso.

Formulamos, a continuación as nosas propostas de goberno:

PROMOCIÓN INDUSTRIAL E EMPREGO

Fomentaremos a implantación de novas empresas a través das seguintes medidas:

- Posta en marcha da Oficina de Axuda ó Emprendedor.
- Subvencións para autónomos que creen novos negocios (1.500€ para gastos de constitución). No caso de que se trate dunha muller, un desempregado maior de 45 anos ou parado de longa duración (máis dun ano no desemprego), a subvención será de 2.000€.
- Bonificación do 50% na licenza de actividade/apertura para autónomos que comecen súa actividade en Monforte.
- Incremento do 90% actual ao 95% das bonificacións do imposto de construción ás empresas que se instalen no Polígono Industrial e no Porto Seco.

BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

- Cobertura dos gastos de luz e auga das persoas que non teñan ingresos.
- Quintuplicar as axudas para persoas e familias en situación de emerxencia social.
- Incremento das prazas de gardería.
- Creación dunha ludoteca municipal.
- Continuaremos co proceso de eliminación de barreiras arquitectónicas.
- Mellora e ampliación do servizo de axuda a domicilio.
- Ampliación das axudas para a compra de libros de texto e material escolar.
- Defensa da continuidade de todos os servizos no hospital.
- Apoio á integración de inmigrantes.

COMERCIO E SERVIZOS

- Continuación da reforma do campo da feira para mellorar o seu uso.
- Potenciar as feiras, mercados temáticos e tradicionais e dos de oportunidades.
- Promoción do pequeno comercio e a praza de abastos.
- Apoio e colaboración coas asociacións de comerciantes e hostalería.

FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS

- Promover que as subvencións da Xunta de Galicia se incorporen ao Fondo de Cooperación Local e se repartan de forma equitativa entre os concellos.
- Apoiar un novo modelo de participación nos tributos do Estado.
- Defender a transferencia a Galicia das competencias en materia de réxime local (administración e facenda).

TURISMO

- Unha vez oficializado o camiño de inverno, impulsar a construción dun albergue.
- Promover a declaración da Feira Medieval como Festa de Interese Turístico de Galicia.
- Promover que a presidencia da Fundación dos ferrocarrís de Galicia recaia na alcaldía de Monforte de Lemos.
- Promoción da rede de museos e da zona monumental de San Vicente.
- Mantemento dun calendario continuo e ordenado de festexos e actividades de ocio que sirvan de reclamo turístico e dinamizador da vida social durante todo o ano.
- Potenciar a Monforte como cidade de referencia dentro do turismo gastronómico e do enoturismo.

PARTICIPACION CIDADÁ

- Implantación da administración electrónica.
- Creación da Oficina de Participación e Información á cidadanía.
- Promoción, a través das TIC, da comunicación co Concello, facilitándolle á veciñanza as respostas administrativas, axilizando a relación, facilitando a transmisión de propostas, reclamacións ou peticións.
- Establecemento dun plano de “Pedagogía municipal” consistente en reunións periódicas nos colexios e barrios para explicar o funcionamento do Concello e o destino dos seus recursos. Dentro deste plano inclúese a creación da “Corporación infantil”.
- Continuar coa elección democrática dos pedáneos.

CULTURA, XUVENTUDE, EDUCACIÓN E DEPORTE

- Duplicar as axudas ás asociacións deportivas e culturais.
- Creación do Centro das Coleccións de Monforte.
- Posta en marcha, no baixo do hotel Comercio, como centro de referencia do talento creativo en Monforte.
- Plano específico de actividades deportivas orientadas á terceira idade.
- Impulso de programas de teatro e talleres ocupacionais.
- Posta en marcha de Rutas Literarias pola cidade.

MEDIO RURAL

- Plano de impulso da calidade de vida das parroquias e os seus habitantes mediante actuacións e actividades acordadas coa veciñanza e baseadas na mellora das infraestruturas e no impulso de actividades económicas.

INFRAESTRUTURAS

- Mellora da rede de saneamento e abastecemento de auga.
- Remate dos enlaces do porto seco coa N-120 e con Ribas Altas.
- Impulsar a creación dunha nova comisaría de policía.
- Xestionar co goberno central a mellora e creación das infraestruturas pendentes que completen a correcta comunicación de Monforte co resto de Galicia e a meseta.

MEDIO AMBIENTE

- Negociacións co Sergas e particulares para a creación dun parque urbano na contorna do hospital.
- Actividades que promovan o novo paseo fluvial como un espazo para o goce e a saúde e rutas de sendeirismo.
- Plano de control integral e de eliminación de verquidos.
- Creación do programa “Forte en bici” para potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte (carrís bici, bicicletas de aluguer, etc.)

URBANISMO

- Completar a mellora das marxes do río Cabe, desde o Club Fluvial até Ribas Altas.
- Creación de dúas zonas de baño público e dúas áreas recreativas de referencia en Vilanova e Ribas Altas.
- Humanizar a rúa da Estrela, a rúa do Conde e a rúa Duquesa de Alba.
- Urbanización da contorna de Cobas e da gardería municipal.
- Intervención patrimonial e humanización da rúa Santo Domingo e rúa Real.